

Carta ao alumnado de Primeiro D.

Estimado alumnado de Primeiro de bacharelato D,

Póño en contacto con vos para darvos as necesarias explicacións de como avaliei este segundo trimestre no que, como a ningún se vos escapa, non foi posible realizar a proba escrita que tiñamos plantexada para o luns 16 que valía un 90% da cualificación. A continuación vos poño a miña decisión consensuada co Departamento de Xeografía e Historia.

Debido a situación excepcional provocada pola declaración do estado de Alarma o día 13 de marzo a raíz da crise do COVID-19 a segunda avaliación pechouse o día 13 de marzo baixo indicación da Consellería de Educación. Tal e como marca a directriz enviada desde a Dirección o 27 de marzo procederemos a avaliar cos datos obtidos entre o día 8 de xaneiro e 12 de marzo. En función disto varias das probas de avaliación planificadas polos docentes quedaron sen poder realizarse, o cal implica que non se terán en conta e que avaliaremos en función daquelas que sí puideron realizarse entre as datas marcadas.

No caso concreto de Primeiro de Bacharelato D, curso impartido por Pablo Alonso de Vega, os criterios de avaliación da programación sofren unha modificación xa que a proba escrita que conta un 90% da cualificación estaba programada para o luns 16 de marzo e foi imposible realizala. A modificación é a seguinte:

-O alumnado de Primeiro de bacharelato D será avaliado en función das súas intervencións na aula, participación nas exposicións dos traballos en grupo e debates plantexados na avaliación así como na proba que antes valía o 10% da cualificación sobre o libro Si esto es un hombre de Primo Levi.

-A nota mínima que acadarán será un 5 xa que o docente considera que non é unha situación xusta suspender unha avaliación a unha persoa que non tivo a oportunidade de realizar unha proba cun peso tan determinante na súa cualificación.

-Os criterios de avaliación en principio, a expensas da evolución do estado de alarma, se conservan os da programación didáctica. É dicir, deberán sumar 15 puntos entre as tres avaliacións. A tal efecto optarán a recuperar aquelas avaliacións suspensas nunha proba que terá lugar a final de curso.

O resumo disto é que como non podo saber con certeza quen ía preparar ou non a materia do exame do luns 16 paréceme inxusto suspender a ninguén sen darlle a oportunidade de facer o exame. Isto provoca a situación, máis que probable, de ter que aprobar a xente que non ía a preparar o exame, pero eu non podo presupoñer quen ía a facelo e quen non.

De tódolos xeitos os criterios quedan igual que antes. Hai que recuperar a primeira avaliación que a ten suspensa e aprobar a terceira. Ao final de curso farei unha recuperación que ten que ser aprobada, co que ter unha soa avaliación aprobada non vai a salvar a ninguén de ir a proba extraordinaria de setembro.

Como vai a ser a terceira avaliación non o sabemos con certeza. O que si sei é que a tarefa proposta para a corentena, que é voluntaria, contará para a nota da terceira avaliación. Entendo o excepcional da situación pero non vos quede a menor dúbida que en canto teña algunha directriz de como vai a ser a última avaliación volo farei saber e vos explicarei como nos imos organizar. Espero de corazón que esteades todos e todas ben, aproveitando o tempo, repasando, estudando aquelas materias que tiñades abandonadas e que vos costaban máis. O importante é estar ocupados, con rutinas e positivos. Isto terminará seguro.

Carta ao alumnado de Primeiro D.

Quero tamén ser moi franco con vos. Tanto como o era na aula cando nos podíamos ver as caras. Son perfectamente consciente de que moitos de vos estades aproveitando o tempo. Isto é unha cuestión de madurez e de implicación. O que quere aproveitar o tempo, o traballo, seguir aprendendo, reengancharse a aquelas materias que lle constaban máis o fai. Quen non quere traballar porque non ten o nivel de madurez necesario, non lle gusta estudar, ou non ten a capacidade de traballo axeitada non o fará. Iso si, non culpedes á situación que estamos a vivir de que non queredes traballar ou que non podedes traballar. A responsabilidade é vosa. De vos depende ser capaces de sobrepoñervos e sacar algo positivo de todo isto ou queixarvos polo duro da situación e escudarvos niso para non aproveitar o tempo e continuar coas dinámicas negativas mantidas ata agora. Tamén dicir que se algún de vos ten algún caso especial que considere que si que inflúe negativamente na súa situación de aprendizaxe debería transmitirmo polo correo para que poda ter en conta a situación persoal de cada un.

Sen máis me despido, ánimo a todos e todas. Xusto antes do amencer é a hora máis escura.

Pablo Alonso de Vega.